

Diccionario de frecuencias léxicas do galego escrito para nenos (LEXIGAL-PRIMARIA)

**M^a Carmen Teijido López
M^a Luz Pérez Vázquez
Isabel Fraga Carou**

Composición do diccionario

A elaboración do diccionario comezou co escaneado de todos os libros dirixidos a nenos de 0 a 12 anos publicados entre 1985 e 1999, ambos os dous incluídos, dos fondos da Biblioteca Nova 33 de Santiago de Compostela. Esta Biblioteca dispón de practicamente a totalidade dos libros infantís publicados en galego.

Non obstante, debemos aclarar que foron descartadas as traducións, de xeito que se escanearon exclusivamente libros escritos orixinalmente en galego.

Os textos escaneados abarcan os distintos estilos literarios: narrativa, poesía, teatro e *comic*.

Ademais, incluíronse textos escolares, proporcionados polas seguintes editoriais: Anaya, Bruño, Everest, Rodeira, SM e Xerais. Concretamente seleccionamos todos os libros de Primeiro a Sexto de Primaria de Lingua Galega e Coñecemento do Medio, por ser estas as dúas únicas materias que é obrigado impartir en galego.

O escaneado foi realizado da seguinte maneira: Os libros destinados a primeiros lectores (de 0 a 5 anos) foron escaneados na súa totalidade, mentres que no caso dos libros para rapaces de 6 a 12 anos escaneáronse ó chou diferentes páxinas de cada un deles, recolléndose unha media de seis mil palabras por libro.

Na seguinte táboa recóllense o número de palabras escaneadas e mais a suma das frecuencias en cada tramo de idade:

IDADES	NÚM. DE PALABRAS	SUMATORIO DE FRECUENCIAS
0-5 Anos	14.711	116.873
-7 Anos	23.966	210.576
8-10 Anos	60.329	955.599
11-12 Anos	53.718	904.648

É necesario facer unha última aclaración, no sentido de que se respetaron as palabras tal como foron escritas polos autores, de xeito que non están necesariamente en galego normativo.